CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña

Concello de CARBALLO

Exp.2026/A002/0
Exp. 2026/G007/000023

PUBLICACIÓN ACORDO XGL
TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Marina Núñez Orjales, secretaria do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 16/11/2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

4.- <u>SUBVENCIÓNS</u>

4.2 Subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2026. Concesión definitiva.

Antecedentes.

Primeiro.- Mediante resolución da Alcaldía/Presidencia número 2861/2026 do 07 de outubro de 2026, que foi publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo o 8 de outubro de 2026, concedéronse de forma provisional as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2026, abrindo un prazo de dez días hábiles para realizar enmendas ou comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ou ben para de o estimar oportuno, presentaren alegacións, indicando que no caso de non formular desestimento expreso nese prazo, a subvención considerarase aceptada tácitamente.

Segundo.- Comprobouse que as solicitudes concedidas provisionalmente e condicionadas completaron a documentación requirida na resolución de concesión provisional.

Terceiro.- Constan no expediente os informes do técnico de deportes de valoración das solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria, de data 06/10/2026; e da Intervención municipal de data 12/11/2026.

Cuarto.- A proposta do concelleiro delegado da Área de Deportes, Mocidade e Captación de Recursos Públicos, Daniel Barreiro Quintáns, ten data 10/11/2026.

A Xunta de Goberno Local, a vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos citados, en uso das competencias que delegou a Alcaldía mediante a resolución número 2944/2025, do 13 de outubro (BOP nº 208 de 30/10/2025), por unanimidade, acorda:

> Primeiro.- Incrementar os importes globais correspondentes ás "*Bases específicas da convocatoria de subvencións para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2026*", por importe de 726,66 € acadando así un importe global de 13.726,66 €, visto que unha vez resolta con anterioridade a Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2026 non se acadou o gasto máximo previsto, prevendo as bases da convocatoria que o importe do crédito destinado á mesma, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria respectando os limites e condicións establecidos no artigo 58 do Real decreto 887/2206, do

Documento electrónico firmado digitalmente cuya integridad se garantiza mediante el cotejo en la Sede Electrónica de este Organismo con el Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen.
(artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, del Régimen Jurídico del Sector Público)

CVD: L4FUsvJI4HZc/d7SmVJb Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carballo.gal/

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña

21 de xullo, e no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A intervención municipal realizará os oportunos trámites.

Segundo.- Non admitir as solicitudes que figuran no Anexo 1 polos motivos que se indican.

Terceiro.- Conceder as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2026 ás entidades que se relaciona no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor, sendo o importe total proposto de 13.726,66 €.

Cuarto.- Autorizar ás entidades que o solicitaron, e nas condicións especificadas nas solicitudes, para contratar cas persoas e/ou entidades vinculadas á entidade por atoparse nalgunha das circunstancias previstas no art. 68.2 do RD 887/2006, e cumprindo co establecido no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos termos especificados nas propias solicitudes.

Quinto.- Ordenar a notificación ós interesados propostos como beneficiarios na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días comuniquen a aceptación ó Concello de Carballo, advertindo de que transcorrido o prazo sen terse producido a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

Sexto.- Ordenar a publicación deste acordo no taboleiro de anuncios do concello de Carballo.

Sétimo.- No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2003, xeral de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención ós respectivos beneficiarios.

Anexo 1.- Solicitudes de Subvencións para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2026. Non Admitidas.

Solicitudes de subvencións para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2026. NON ADMITIDAS.					
Nº	**Solicitante**	**CIF/NIF**	**Expediente**	**Proxecto a Subvencionar**	**Motivo**
1	Club Ciclista Monteneme	G15861271	2026/ A003/000644	XXII Marcha Costa da Morte	Non Admitida por Desistencia
2	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	2026/ A003/000669	Onda Atlántica	Non Admitida por Desistencia

Anexo 2.- Subvencións concedidas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2026.

Puntuacións e Importes obtidos polas solicitudes de subvencións para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinarioa durante o ano 2026.							
Nº	**Entidade Solicitante**	CIF/NIF	**Obxecto**	**Puntos**	**Importe Subvención**	**Coef. Fin. %**	**Orzamento Subvencionado a Xustificar**
1	Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	IV Memorial Pedro Luis Fernández	**56,58**	**1.500,00 €**	46,95 %	3.195,00 €

Documento electrónico firmado digitalmente cuya integridad se garantiza mediante el cotejo en la Sede Electrónica de este Organismo con el Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen.
(artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, del Régimen Jurídico del Sector Público)

CVD: L4FUsvJI4HZc/d7SmVJb Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carballo.gal/

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña

Concello de CARBALLO

Exp.2026/A002/0
Exp. 2026/G007/000023

Puntuacións e Importes obtidos polas solicitudes de subvencións para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinarioa durante o ano 2026.							
Nº	**Entidade Solicitante**	CIF/NIF	**Obxecto**	**Puntos**	**Importe Subvención**	**Coef. Fin. %**	**Orzamento Subvencionado a Xustificar**
2	Club Fútbol Cances	G13784384	II Torneo internacional Veteranos Costa da Morte	**56,77**	**1.500,00 €**	50,00 %	3.000,00 €
3	Club Rítmica Carballo	G13716360	II Torneo Club Rítmica Carballo	**46,58**	**1.275,00 €**	60,00 %	2.125,00 €
4	Club Rítmica Carballo	G13716360	IV Gala Nadal Rítmica Carballo	**28,63**	**960,00 €**	60,00 %	1.600,00 €
5	Club Rítmica Pangea Carballo	G56150816	Festival de Inverno Ximnasia Rítmica	**41,76**	**1.495,00 €**	69,76 %	2.143,00 €
6	Club Xadrez O Toque Xiria Carballo	G70072582	III Torneo Escolar Concello de Carballo	**38,50**	**1.120,00 €**	70,00 %	1.600,00 €
7	Club Xadrez O Toque Xiria Carballo	G70072582	IX Aberto Concello de Carballo Clásico	**58,04**	**1.500,00 €**	20,00 %	7.500,00 €
8	Judo Club Bergantiños	G70457411	Campionato do Nadal 2026 Judo Club Bergantiños	**52,55**	**1.500,00 €**	52,48 %	2.160,00 €
9	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	XXX Memorial Carlos Servando 2026	**49,49**	**1.500,00 €**	69,44 %	106.200,37 €
10	S.D. Oza	G70597760	6º Triangular SD Oza	**35,88**	**420,00 €**	58,33 %	720,00 €
11	S.D. Oza	G70597760	1ª Oza Cup	**30,33**	**956,66 €**	46,86 %	2.041,66 €
					13.726,66 €		

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado na data que figura na marxe

A Secretaria

Marina Núñez Orjales

CVD: L4FUsvJI4HZc/d7SmVJb Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carballo.gal/

Documento electrónico firmado digitalmente cuya integridad se garantiza mediante el cotejo en la Sede Electrónica de este Organismo con el Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen.
(artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, del Régimen Jurídico del Sector Público)